



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA
DE MONTAÑA 2022



FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO



PROBA: 1º Subida Verdugo-Soutomaior
PROVINCIA: Pontevedra
DATA: 19 e 20 de Novembro de 2022

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
17/10/2022	14:00	Apertura de Inscripcións	www.fga.es
14/11/2022	21:00	Peche de Inscripcións	vivaedep@gmail.com
16/11/2022	20:00	Publicación lista de inscritos	Tlf: 610764169
19/11/2022	07:30	Apertura Parque De custodia	Peirao de Arcade
	de 07:00 a 09:00	Verificacións Administrativas	Oficina de turismo municipal de Arcade
	de 07:30 a 09:30	Verificacións Técnicas	
	10:00	Publicación lista de Autorizados a tomala saída	
	10:30	Presentación Pilotos Parque De custodia	Peirao de Arcade
	11:30	Presentación pilotos en parque pre-saída	EP-0206 Ponte Medieval de Camboa
	12:00	Adestramentos Oficiais	EP-0206
	A continuación	1ª. Manga Oficial	
A continuación	2ª. Manga Oficial		
20/11/2022	08:30	Presentación Pilotos Parque De custodia	Peirao de Arcade
	09:00	Presentación pilotos en parque pre-saída	EP-0206 Ponte Medieval de Camboa
	09:30	Adestramentos Oficiais	EP-0206
	11:30	3ª. Manga Oficial	Ponte Medieval de Camboa
	A continuación	4ª. Manga Oficial	
	A continuación	Entrada parque de custodia	Peirao de Arcade
	A continuación	Verificacións de oficio (Optativas)	Peirao de Arcade
	A continuación	Publicación de resultados	Oficina de turismo municipal de Arcade
	A continuación	Rolda de prensa y photocall.	Multiusos de Arcade
	A continuación	Entrega de Premios e Trofeos	Multiusos de Arcade

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 19 de NOVIEMBRE ás 07.30 horas, ata do día 20 de NOVIEMBRE ás 17.00 horas estará situado na Oficina Permanente da Proba, estará emprazada en AUTOBUS DA FGA.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

O/a 1º Subida Verdugo-Soutomaio organiza Viva Eventos Deportivos que se desenrolará desde o día 19 de Novembro ó día 20 de Novembro do ano 2022. Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2022, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 13 de outubro de 2022. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-048-MO, con coeficiente (7).



1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. VICTOR MANUEL VARELA TOME

Vocais:

D^a SEILA VARELA BARREIRO

D. MARIA CAL DEL RIO

Secretario:

D^a. MARIA CAL MARTINEZ

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Rúa SAN ANTONIÑO, 28-7 F

C.P. 36002 Cidade _PONTEVEDRA Provincia PONTEVEDRA

Teléfono: 610764169 e-mail: vivaedp@gmail.com

1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Víctor Varela Tome

CD1^a-0059-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente:

D. FCO. J. Riaño Lueiro

DC1^a-0019-GA.AUT

D. J. Ramón Iglesias Vilar

DC1^a- 0028 –GA-AUT

D. Manuel Ramos Iglesias

CD- 0835 –GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. Victoriano González Boullosa

CD1^a-0017-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. D. Víctor Varela Tome

CD1^a-0059-GA-AUT

Comisarios Técnicos:

Presidente:

D. Sheila Varela Barreiro

JOC1-0093-GA-EST

D. Manuel Montoto Orrea

JOC1^a -0027 -GA-AUT

Responsable Equipos Cronometraxe:

D^a. María Cal Matínez

JOC1^a -0060 -GA-AUT

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Diego Besada González

DC1^a- 0042 –GA-AUT

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde

D. Antonio Varela Juan

CD1^a-EN TRAMITE-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello

D. Víctor Varela Barreiro

CD1^a-0092-GA-EST

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento.

Servizo informático e publicación de tempos: Federación Galega de Automobilismo.

Servizos Médicos: Team Medical Galicia.

Servizo de ambulancias: Nordés

Centros Asistenciais: Centro de Saúde de Arcade, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Grúas: En complemento

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A proba 1ª Subida Verdugo Soutomaioir_ é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Montaña de Carrozados (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- Campionato de Galicia de Montaña non Carrozados (Agrupacións 6, 7, 8 e 9).
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 80 quilómetros/h.
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 50 quilómetros/h.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 1.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 2.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 3.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 4.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 5.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 6.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 7.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 8.
- Copa de Galicia de Montaña para a Agrupación 9.
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9).
- Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G. de A.
- E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

3.1.- Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán clasificados nas seguintes Agrupacións:

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2010	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2016	1200	33
	WRC 1.600 cc // Rally 1	Art. 255A dende Anexo J FIA 2017	1190	36
	R5 (VR5) // Rally 2 (VRa2)	Art. 261 Anexo J FIA	1230	32
	Rally 2 Kit (VR4K)	Art. 260E Anexo J FIA	1230	33
	Rally 3 (Ra3) 4x4	Art. 260 Anexo J FIA	1210	30
	R4	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1300	33
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A ata Anexo J FIA 2013	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A ata Anexo J FIA 2013	1200	---
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2	
Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.	
2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30



	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
3	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos + 1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
4	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5 Atmo -1.600cc Turbo -1.333cc (Ra5)	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X-1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos* -1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
5	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
	Históricos* -1.200 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
6	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/ESSS-CN/E2SC Ata 1.000 c.c.	S/ procedencia	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
7	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/ESSS-CN/E2SC Ata 1.001 c.c. ata 1.400 c.c.	S/ procedencia	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
8	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/ESSS-CN/E2SC de máis 1.401 c.c.	S/ procedencia	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
9	CARCROSS Ata 600 c.c.	S/ procedencia	S/Ficha Homolog	S/ procedencia

* Históricos ata o ano 1985 inclusive. Grupo X a partir o ano 1986 inclusive.

* Históricos admitidos nas diferentes agrupacións baixo supervisión e aceptación por parte da Comisión Técnica da FGA

Os Históricos teñen que poñer o coche segundo a ficha de homologación e a brida da súa época que lle corresponda, sempre que sexa solicitada á Comisión Técnica e aprobada-autorizada para os efectos de participación. de non solicitalo ou que a Comisión Técnica decida non autorizar (F. H.) terán que instalar brida de 34 milímetros para todos os efectos de verificación técnica e administrativa.

A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída dun só vehículo.

□ GRUPO P: GRUPO ESPECIAL PROTOS-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN: Serán admitidos a participar, e puntuar, aqueles vehículos que ó soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos esixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I.T.V. de Rallye vixente e ó día), nin temporal, nin do Plan Prever, Pive ou similares; agás os "**vehículos específicos de competición**" os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que no grupo X, as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade.

Os vehículos turbo alimentados que participen neste grupo deberán montar una brida de diámetro interior de 38mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 44 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado de este.

No caso dun motor con dous compresores en paralelo, cada compresor está limitado por unha brida cun diámetro interior máximo de 24 mm, e un diámetro exterior máximo de 30 mm nas condicións prescritas anteriormente.

Advertencia: Prohibido facer un grupo "P" dun coche homologado FIA. (en vixencia).

.- **Vehículos específicos de competición:** Construídos polos fabricantes de vehículos (fórmulas, barquetas, carcros e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo construtor, pola F.I.A., ou FGA. A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro, e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación ditada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo. Todos estes vehículos deberan ter operativos os pilotos posteriores ou no seu defecto instalar uns pilotos de cor vermello, cunhas bombillas de 15w mínimo. Os vehículos pertencentes a este grupo deberán cumprilos requisitos do regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

☐ GRUPO SCC: Cilindrada ata 1400 cc. Vehículos de produción de serie, e con pasaporte específico, adecuados a normativa publicada no Anuario da F.G. de A., con motor de moto ata 1400 cc., con tracción dianteira, traseira, ou con motor central. Admitirase a participación dos vehículos Mitjet, e Legend Cars neste Grupo.

☐ GRUPO C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC: Tódalas cilindradas. Vehículos C3: As características técnicas do motor deberán estar reflexadas na ficha técnica do mesmo. Limitase a cilindrada a un máximo de 3.500 cm³. Grupo D/E2-SS: Vehículos de carreira monoprazas de Fórmula Internacional ou Fórmula Libre dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c. Grupo CN/E2-SC: Vehículos deportivos de produción e vehículos de competición bipraza, (combinados) abertos ou pechados, construídos dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c. Os vehículos que teñan asinado o seu peso na ficha de homologación (FIA, FGA ou RFEDA) terán que respetalo. Os vehículos que non teñan asinado o seu peso, ou non posúan ficha de homologación terán que atañerse ó Artigo 277 do Anexo J. O peso de ditos vehículos será o seguinte:

ata 1000 cm³ 500 Kg.

Máis de 1000 cm³ a 1300 cm³ 530 kg

Máis de 1300 cm³ a 1600 cm³ 560 kg

Máis de 1600 cm³ a 2000 cm³ 600 kg

Máis de 2000 cm³ a 2500 cm³ 640 kg

Máis de 2500 cm³ a 3500 cm³ 650 kg

Vehículos CN: Deberán de cumprir o artigo 259 do Anexo J do C.D.I., a cilindrada do motor limitase a 3500 cm³.

☐ GRUPOS CM, EM:

(CM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

(EM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

☐ CARCROSS: Vehículos de propulsión traseira para vehículos carcros de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2022, e téñense que inscribir na Agrupación 9. Os números de competición terán que ir nas verticais dos pontóns.

☐ HISTÓRICOS: GRUPO "H": Fabricados antes do 1985, inclusive.

Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

Máis de 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

3.2.- Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumpri-la regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL) segundo ó artigo 277 Anexo J, fórmula homologado (EH), e fórmula con motor de moto (EM), da F.G. de A., agás no eido da cilindrada que se aterá a táboa publicada no Artigo 4. Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1.987 que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anella, ca que a protección, a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.

3.3.- A tódolos efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun so vehículo.

3.3.- REGULARIDADE SPORT:

Vehículos Admitidos: Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos (barras, buckets, arneses, extinción) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido.

Estes vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüidade o inicio da tempada 2022.

Nos vehículos de serie, obrigarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obrigatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.).

Nos vehículos de competición (Tipo A), ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, arco de seguridade e arneses. Por outro lado recoméndase o uso de roupa ignífuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

Clases:

Clase 1: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada ata 1.600cc.

Clase 2: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada dende 1.601cc.

Clase 3: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada ata 1.600cc

Clase 4: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada dende 1.601cc

Clase 5: Vehículos desde 01/01/1981 tódalas cilindradas.

Para os vehículos equipados con turbo e a efectos da súa integración nas distintas clases, a súa cilindrada efectiva será multiplicada por 1.7.

3.4.- A tódolos efectos, considérase constituída unha Agrupación coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- Desenrolo da proba. Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto. Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión.

4.1.- Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

1.- Os primeiros en saír, en tódalas mangas, son os fórmulas, barquetas, CM, (mesturados), e Carcross. SCC, e turismos de maior a menor potencia e a continuación Regularidade (según o seu regulamento). Tendo o primeiro número o Campión en título (2021).

2.- Tódolos vehículos que usen calentadores, e estean na caravana de saída de tódalas mangas, si houbese paróns, non poderán volver a súa asistencia, so pena de rigorosa exclusión, ó volver a poñelos calentadores dos pneumáticos.

3.- Está normativa é de obrigado cumprimento, dende a data da súa publicación, a tódolos efectos, en tódalas probas dos Campionatos de Galicia.

4.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

5.- Os parafusos e as porcas das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamiá. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

6.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída, ou parque de custodia onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.).

7.- O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 6 metros antes da liña de toma de tempos (fotocélulas).

7.- Carreira:

7.1.- Os condutores deberán estar a disposición dos oficiais da proba, 20 minutos antes do horario de saída previsto. O organizador creará unha zona de presaída sinalizada mediante carteis de inicio e fin de presaída, onde os vehículos serán revisados e controlados polos Comisarios Técnicos e Comisarios de presaída.

7.2.- O piloto que non estea no seu posto de saída, cando lle corresponda por número correlativo, quedará penalizado con 10 segundos da proba a tódolos efectos, en calquera das seis mangas

7.3.- Saída: O xefe de posto, encargaranse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). A saída darase co vehículo parado e motor en marcha. Cando o vehículo estea na liña de saída (no seu minuto), na conta atrás, de non poder pasala célula fotoeléctrica, outorgaráselle o tempo do peor clasificado na manga mais 10 segundos, e autorizaráselle a retiralo vehículo para reparalo e continuar participando no meeting, previa solicitude e autorización do Colexio de Comisarios Deportivos. No caso de apagado de motor dun vehículo ás ordes do xuíz de saída, a posterior posta en marcha do mesmo non poderá realizarse empurrando ou aproveitando o desnivel da mesma. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

7.4.- Chegada: Será lanzada e quedará prohibido deterse ata 200 metros pasada a liña de chegada onde os vehículos ordenaranse para organizala caravana de baixada para tomar novamente a saída.

7.5.- Carreira: Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario. Todo vehículo que tomara a saída (adestramento ou oficial) non poderá tomala de novo baixo ningún caso de obstrución ou impedimento dos Comisarios de Pista por accidente ou causa de forza maior. De acordar, excepcionalmente, os Comisarios Deportivos ó contrario terán que levantar acta ó efecto e comunicalo a secretaría da Federación. Os participantes en todo momento deberán aterse rigorosamente ás indicacións dos Comisarios de Pista, do Director da Proba, e dos Comisarios Técnicos.

7.6.- Cronometraxe: Tanto en saída como en chegada a cronometraxe será realizado á milésima de segundo por células fotoeléctricas con impresión e dobraxe obrigatorio (Tag-Heuer).

7.7.- Será obrigatoria a presenza dun vehículo "R", de "Team Medical Galicia", cun piloto rescatador, ATS, e oficial médico (todos eles titulados), debendo facer constar o seu nome e números de Colexiados, por parte do xefe de seguridade vial, no parte de traballo, e no Regulamento Particular da Proba para a súa aprobación.

7.8.- Terán que estar previstas medidas de evacuación (ó menos dúas segundo o plan establecido polo Xefe Médico do Vehículo "R" de Team Medical Galicia, e o Oficial responsable da seguridade vial, da proba (postos de control e demais). Na proba, será obrigatoria unha U.V.I.-Móbil, e entregarse un plan de evacuación ós condutores das ambulancias (asistencial e U.V.I.) para o seu coñecemento, así como do percorrido idóneo ata o Centro Asistencial.

7.9.- Os Organizadores terán que dispor obrigatoriamente:

- Un vehículo con megafonía para avisos ó público.

- Dúas ambulancias (Unha medicalizada-U.V.I.).

- O Autobús da Federación, co seu persoal ó completo (Chofer, e Enxeñeiro de clasificacións da Federación).

- Equipo de excarceración (Grumir), e coche de bombeiros.

- Como mínimo un vehículo "R" de intervención rápida, debidamente equipado con material, e de extinción, para a súa intervención no caso de calquera accidente que poda producirse no transcurso da proba. Este, ou estes vehículos deberán ir identificados, e provistos de luz xiratoria destéllante ámbar, e de sirena, tendo que situarse na liña de saída en zona habilitada.

7.10.- Zonas de perigo. Deberán sinalizarse con letreiros de ZONA PROHIBIDA Ó PÚBLICO así como evita-lo acceso de espectadores a dita zona mediante vallas, e outros materiais que eviten o paso a ditos lugares, así como o estacionamento dos espectadores en lugares que puideran ser perigosos.

7.11.- O número de controladores de pista será o necesario para que dun posto a outro teña enlace visual.



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

Cada posto de control estará composto como mínimo de dúas a tres persoas adultas, e coa licenza de sinalizador expedida pola F.G. de A. Deberán dispor de material necesario para a súa función (emisora de radio, teléfono, bandeiras, extintores, silbatos regulamentarios homologados, cepillo ou escoba e sepiolita), e deberán ir identificados con vestimenta/petos de alta visibilidade homologados, que respondan as prescricións técnicas contidas no Real Decreto 1407/1962, de 20 de novembro, para o seu fácil recoñecemento. Recoméndase ós organizadores, en cada proba, soliciten a un piloto que os acompañe a verificar as medidas de seguridade establecidas na proba, e firme no libro de seguridade, a testifical de comprobación.

É normativa de obrigado cumprimento baixalos vehículos participantes, despois de cada manga celebrada, de seguido do último participante e despois da chegada do vehículo "00" exclusivamente. Non se permite en ningún caso a dobre circulación no treito.

7.12.- Os vehículos da caravana só poden subir antes dos adestramentos, sábado e domingo, estando prohibido transitar polo treito antes das mangas oficiais.

7.13.- O Xefe de Seguridade Vial, despois de transitar polo treito antes do comezo do meeting e evacualo correspondente informe ó Director de Carreira e Comisarios Deportivos, só poderá transitar polo treito en caso de sinistro, actualización, e evacuación, para reposición das medidas de seguridade.

7.14.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexerá polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2022 da Federación Galega de Automobilismo.

8.- PARQUES.

8.1.- O parque de presaída deberá estar delimitado e considerárase "parque de custodia" ós efectos de manipulación dos vehículos.

8.2.- O parque de chegada considerárase "parque de custodia". Os vehículos quedarán obrigatoriamente en réxime de "parque de custodia" desde o final da última manga ata 30 minutos despois da publicación dos resultados. Queda terminantemente prohibido transportar no vehículo calquera persoa distinta ó condutor, so pena de exclusión do meeting.

8.3.- O parque de "presaída-traballo" ordenárase por número de menor (1) a maior. Si a asistencia e compartida outorgárase o lugar correspondente ó número máis alto.

9.- MARCAJE DE PNEUMÁTICOS:

9.3 -En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estrear e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaránselle os dous xogos de pneumáticos usados.

9.3.1.- O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas(sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.

9.3.2.-De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.

9.3.3.- Os pneumáticos de mollado (4 unidades) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 9.3.2 deste artigo.

9.3.4.- O xogo de pneumáticos usados, de ter participado en probas do Campionato de Galicia de Montaña 2022, terá que ter as marcas dunha proba anterior.

9.3.5.- O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaje, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos lixados ou moldeados.


10.- REGULARIDADE SPORT:

Tramo de calibración será desde a liña de saída á de chegada en tódalas subidas do Campionato 2022. Formato das probas:

Regularidade a 50km/h (Tipo B): Imponse unha velocidade media dos participantes de 50km/h. Estableceranse controis horarios de saída e chegada. A penalización aplicada será de 1 punto por cada milésima de segundo de diferenza entre a hora real de paso e a hora teórica. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo. Regularidade Sport (Tipo A): Velocidade media de 80km/h. As penalizacións serán as mesmas que en Regularidade a 50km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo. Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómase o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Poderanse montar controis secretos ó longo do treito, no lugar que se decida antes do inicio da mesma (designado polo colexio de Comisarios Deportivos), mediante cronómetro. Dito controlador emitirá informe ó colexio de Comisarios Deportivos para a toma de decisións necesarias ó respecto según o regulamento. No caso por saída de pista dun participante, se paren participantes na pista, a estes poráselle o tempo da súa pasada anterior, se existise. De ser a primeira manga, descartaríase para tódolos participantes. De ter que anular a manga, a criterio do colexio de Comisarios Deportivos, tódolos participantes que non finalicen a mesma, ou non tomen a saída por esta decisión, o colexio de Comisarios Deportivos asignaralles o tempo da súa pasada anterior, agás o participante que cause a interrupción. De ter que anular a derradeira manga do día, e non saír ningún participante de regularidade, anularase a tódolos efectos sen puntuar a mesma. Todo aquel vehículo que teña unha saída de pista e obstaculice a mesma, será sancionado con 10 minutos ademais dos adquiridos por non pasar polos controis restantes. (A reiteración do mesma situación polo mesmo participante, conlevará a exclusión do meeting) a tódolos efectos. O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das seis ascensións (sábado e domingo). A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismo/Carrozados de velocidade. Asistencias: Queda terminantemente prohibido facer asistencias no parque de presaída, e no parque de traballo, só pena de exclusión para tódolos vehículos de regularidade "A" e "B". Existe a salvedade de indicar na folla de inscrición, voluntariamente, o nome e número de licenza da súa asistencia. Neste caso o organizador autorizará a mesma a tódolos efectos. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Non pasar un control 10 minutos de penalización. Facer o percorrido 10 segundos máis rápido do tempo estimado será exclusión da proba. Non saír nunha manga 10 minutos de penalización.

Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumprimento deliberado-intencionado no bo desenrolo da proba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador.

Artigo 5.- Percorrido. A proba celebrarase na estrada de: Sotomaio a Pontecaldelas con un total de 3.9km EP-0206
Saída: Ruta dos niños de Comboa – Vela 36691 Sotomaio, Pontevedra
Chegada: Pontecaldelas Pontevedra EP-0206 KM3.9



Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe das mangas oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincular a súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba. Queda estritamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 6.- Sinalizacións. Durante o transcurso da proba deberán atenderse rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrución moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presenza en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 7.- Concursantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2022 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- Solicitud de inscrición-inscricións.

8.1.- Toda persoa que desexe participar na Proba: 1º Subida Verdugo-Sotomaio deberá remitir a solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada á secretaria da Proba: vivaedp@gmail.com - 610764169

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 14 de Novembro de 2022

8.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 160 vehículos.

8.3.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adjudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

Artigo 9.- Dereitos de inscrición-Seguros.

9.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

9.1.1.- 260 €. aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

9.1.2.- 520 €. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.1.).

9.1.3.- Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) 170 € aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) 340 € renunciando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.3.a.).

9.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

9.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

9.4.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria ABANCA sucursal de PONTEVEDRA número de conta ES19 2080 5019 4130 4003 6491.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 10.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte: Concello de Soutomaioir

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes: EN COMPLEMENTO.

5.- DESEÑO DA PROBA.

Artigo 11.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 12.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas nas Prescricións Comúns para Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 13.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G.A.)

CARROZADOS

COEFICIENTE 7		COEFICIENTE 8	
ORD		ORD	
1º	800 € Trofeo e Coroa de Loureiro	1º	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	600 € Trofeo	2º	700 € Trofeo
3º	400 € Trofeo	3º	500 € Trofeo
4º	215 € Trofeo	4º	305 € Trofeo
TOTAL	2.015 €	TOTAL	2.405 €
AGRUPACIÓNS		AGRUPACIÓNS	
Agrupación 1	1º 275 € e Trofeo 2º 160 €	Agrupación 1	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 2	1º 275 € e Trofeo 2º 160 €	Agrupación 2	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 3	1º 275 € e Trofeo 2º 160 €	Agrupación 3	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 4	1º 275 € e Trofeo 2º 160 €	Agrupación 4	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
Agrupación 5	1º 275 € e Trofeo 2º 160 €	Agrupación 5	1º 290 € e Trofeo 2º 175 €
TOTAL	2.175 €	TOTAL	2.325 €
NON CARROZADOS			
COEFICIENTE 7		COEFICIENTE 8	
ORD		ORD	
1º	800 € Trofeo e Coroa de Loureiro	1º	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	600 € Trofeo	2º	700 € Trofeo
3º	400 € Trofeo	3º	500 € Trofeo
4º	215 € Trofeo	4º	305 € Trofeo
TOTAL	2.015 €	TOTAL	2.405 €
AGRUPACIÓNS		AGRUPACIÓNS	
Agrupación 6	1º 170 € e Trofeo 2º 100 €	Agrupación 6	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 7	1º 170 € e Trofeo 2º 100 €	Agrupación 7	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 8	1º 170 € e Trofeo 2º 100 €	Agrupación 8	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
Agrupación 9	1º 170 € e Trofeo 2º 100 €	Agrupación 9	1º 190 € e Trofeo 2º 100 €
TOTAL	1.080 €	TOTAL	1.160 €
TOTAL PREMIOS X SUBIDA	7.285 €	TOTAL PREMIOS X SUBIDA	8.295 €

PREMIOS POR PROBA: en Regularidade Sport:

De 6 ata 9 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

Regularidade 50 Quilómetros/h. tipo B

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

Regularidade 50 Quilómetros/h. tipo B

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

Regularidade 50 Quilómetros/h. tipo B

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

En todas las probas entregarse un trofeo ó primeiro de cada clase.

Don Victor Manuel Varela Tomé, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-0059-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.:

Director da Proba

N.I.F.: 35293228G

Licenza CD1ª-0059-GA-AUT

Entidade: VIVAEDep

C.I.F.: G-16928509

Asdo.: Presidente D. Victor Manuel Varela Tomé

Licenza CD1ª-0059-GA-AUT

Asdo.:

Xefe de Seguridade Vial

Diego Besada Gonzalez

N.I.F.: 77414817-Z

Licenza DC1ª- 0042-GA-EST.



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en **“exclusiva”**, por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitirase **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia. A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas **“LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL”** a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asímismo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do Tribunal Administrativo do Deporte” declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, “Tribunal Administrativo do Deporte” (do C.S.D.) e “Real Federación Española de Piragüismo” a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir **“LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”** nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que: Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das **“LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS” tramitadas na Galicia, e non así as da parte das “LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS”, por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto **“transversal”** ou **“horizontal”** da **“LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL”**, non o **“vertical”** o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as “competencias exclusivas” de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o **“deporte de base”** víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha **“LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA”** cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con **“Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva”** en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuito de velocidade, circuito de autocross, ou circuito de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”,** a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallies, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallies 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faça as labores de asistencia.** B.- **O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2022 inclusive, serán considerados “OPEN”; agás a PXP 23 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2022, sexan considerados “Open”.

7.- Asímismo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, **non serán expedidas nen admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das **“Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas”,** no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo” e a **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**. A **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** e coa **“Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva”**.

10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliala súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar , a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a “Real Federación Española de Automobilismo” mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da “Real Federación Española de Automobilismo”.**

11.- **Convivencia da “Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva” e da “Licenza Autonómica Única-Estatal” para a tempada de 2022 e vindeiras.**

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	19 de Novembro de 2022	12:00	SALA DE REUNIONES DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª	19 de Novembro de 2022	19:00	
3ª	20 de Novembro de 2022	14:00	

ANEXO II ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque De custodia cando a chegada da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO III

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.

Plans de seguridade da proba.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade. Durante a proba estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio). Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

ANEXO IV CARAVANA RALLYES/MONTAÑA.

En tódalas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 20 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá detrás do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito, ou de 30 segundos se así fora necesario.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello): Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos. Así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1^a ou GA-XOC1^a, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio, emitirase unha acta-informe, e serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A.- Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B.- A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 euros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.- A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.- Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.

E.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo treito por outra entidade organizadora.

F.- Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.- Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I.- Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.